

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

n.º 43

ano 7

novembro-decembro 2012

OS XUROS E A CRISE DA DÉBEDA NA ÉPOCA DOS AUSTRIAS

Durante o século XVII Europa viuse asolada por unha amálgama de calamidades: crise económica, inestabilidade política, guerras, epidemias, declive demográfico ... Unha **crise xeneralizada** que afectou con especial virulencia á Monarquía Hispánica e que rematou coa hexemonía da **Casa de Austria** no continente. Na década de 1640 a crise agravouse, e á Coroa española abríronselle innumerables fronte: guerra contra Holanda e Francia, sublevacións de Nápoles, Sicilia, Cataluña e Portugal, coa secesión destes dous últimos territorios, ... Cando en 1648 se asinou a **Paz de Westfalia**, coa que poñía fin á Guerra dos Trinta Anos, os Austrias perderon a primacía na nova orde política europea.

Urvido polas esixencias financeiras derivadas destas circunstancias, **Filipe IV** (1605-1665) aumentou os impostos ata un nivel tan insoportable que á Coroa só lle cabía obter novos recursos a través da emisión masiva de **débeda pública** en forma de xuro. En tal contexto hai que encaixar o documento que protagoniza este número de *Fronda*, un **privilexio de xuro** do ano 1650 que se inscribe nunha emisión de 150.000 ducados de renda de “juro al quitar” que as **Cortes** autorizaran “situar” sobre as **alcabalas de Galicia**. É dicir, a Coroa podería ingresar esa cantidade vendendo xuros a cambio duns réditos anuais que o comprador cobraría con cargo ao recadado en Galicia en concepto de alcabala, un dos principais impostos ordinarios que percibía a Real Facenda na Coroa de Castela. Nisto consistía “situar” un xuro sobre as alcabalas.

Nesa oferta de débeda, o **Concello de Ourense** investiu 6.885.200 maravedís nun xuro que lle había producir unha renda anual de 344.260 maravedís, réditos que se situaron sobre a alcabala que pagaban os veciños de Ourense. Deste xeito unha parte dos impostos que os ourensáns satisfacían á Coroa non saírían da cidade xa que serían redirixidos ás arcas municipais para aboar os réditos do xuro.

Durante os séculos XV e XVI os xuros foran un **investimento seguro e vantaxoso**, antes de converterse en “bonos lixo” durante o XVII. Por iso institucións e familias acomodadas colocaron parte dos seus aforros neste instrumento crediticio cuxa posesión era un signo de **prestixio**. Os xuros non só entraban por compra no patrimonio dunha familia ou institución; había outras vías: habitualmente por **herdanza** ou por

dote matrimonial, no caso das familias, e no caso das institucións por vía de **legado** ou **doazón** dos seus fundadores ou benfeitores, como adoitaba ocorrer cos hospitais e obras pías. No caso dos conventos femininos era frecuente que os dotes das novizas tamén incluísen xuros. Asemade, a Coroa utilizou os xuros como **indemnización** cando executou algún tipo de incautación. Por todo isto é habitual atopar títulos de xuro ou documentación relativa á cobranza dos seus réditos nos fondos municipais, nos das entidades relixiosas, nos fondos familiares, nos dos hospitais, obras pías, etc.



1650. Madrid

Privilexio outorgado por Filipe IV ao Concello de Ourense polo que lle vende un xuro “al quitar” situado nas alcabalas da cidade de Ourense por valor de 6.885.200 maravedís.

Orixinal; pergamino; escritura humanística; castelán; 219 x 316 mm. AHPOu. Concello de Ourense, Carp. 22/28.

De mercé medieval a primixenia débeda pública

Dende a baixa **Idade Media** os reis da **Coroa de Castela** concederon mercés aos seus súbditos por diversos motivos, mercés materializadas en pensións anuais e que recibían o nome de **xuros**. Para facer efectivo o pago destas pensións “situábanse” sobre unha renda concreta da Coroa e emitíanse con carácter perpetuo, transmisibles de pais a fillos por “juro de heredad”, ou vitalicio por “juro de por vida”, e de aí o nome de xuro.

No reinado dos **Reis Católicos** (1474-1516) comezaronse a emitir uns primixenios títulos de **débeda pública** denominados xuros “al quitar”; é dicir, amortizables se a Facenda Real devolvía ao comprador o seu diñeiro. Estes novos títulos producían igualmente unha renda anual, que ía en proporción directa co capital investido, eran sempre hereditarios, e situábanse sobre un imposto específico (p. e. a renta do sal) ou cobrado nun determinado lugar (p.e. as alcabalas da cidade de Ourense). A diferenza dos xuros perpetuos e vitalicios, que eran mercés, os xuros “al quitar” eran os únicos vendidos, converténdose no primeiro exemplo de débeda pública na Coroa de Castela ata que naceron os vales reais a finais do século XVIII.

Nun principio os xuros só podía outorgalos o rei, xa que levaban consigo un alleamento do Patrimonio Real, ao estar situados sobre **rendas fixas** (impostos) da Coroa. Posteriormente, ante a falta de rendas fixas, foi preciso situar os xuros sobre os **servizos** (ingresos fiscais extraordinarios) autorizados polas **Cortes**, o que obrigaba á Coroa a buscar a súa anuencia para emitir novos xuros.


Unha onerosa política imperial

A emisión de xuros xeneralizouse no século XVI, co fin de afrontar a necesidade de numerario para sufragar o alto custo dunha **política internacional expansiva**, animada, desde os tempos de **Carlos I** (1516-1556), por unha idea complexa de imperio. O alto custo desa política obrigaba a buscar vías extraordinarias de financiamento, entre as que se atopaban os xuros. Nun principio a Real Facenda comercializounos directamente e asignábaos por medio de poxa pública. Mais o sistema revelouse lento e non permitía coñecer *a priori* o diñeiro que supoñería a venda. Por estas causas comezaron as vendas de xuros forzosas cara 1530, manténdose ata o século XVIII.

Os xuros tamén serviron como garantía de cobramento dos préstamos (asentos) que fixeron os banqueiros aos **Austrias**. Estes préstamos respondían á necesidade imperiosa de obter ingresos rápidos para manter as contendas bélicas, e ían gravados fortemente. Como estes préstamos tiñan vencementos a curto prazo, os banqueiros recibiron da Coroa xuros en garantía do cobramento; foron os chamados **xuros de caución e xuros de resguardo**.

Neste contexto, a quebra económica sufrida en época de **Filipe II** (1556-1598) á morte do seu pai motivou a **emisión masiva de xuros**; e o reinado de Filipe II concluíu co tesouro esgotado e cunha poboación abafa-

da pola presión fiscal. Por outra banda, as diversas **bancarrota**s que declararon os Austrias españois fixeron que os banqueiros non só recibisen os xuros como garantía de cobramento dos seus préstamos, senón que tamén os admitisen como pagamento definitivo.



Detalle da portada do privilexio de xuro outorgado por Filipe IV ao Concello de Ourense. AHPOu. Concello de Ourense, Carp 22/28.

Cunha herdanza complexa, **Filipe III** (1598-1621) tivo que tomar decisións paliativas. Polo que, a pesar de que continuou cos esforzos militares na **Guerra dos Países Baixos**, comprendeu que a carencia de recursos obrigaba a buscar unha solución ao gasto. Deste xeito, en 1609, asinou a Tregua dos Doce Anos cos holandeses, abrindo un período de paz que permitiu non someter a maior presión fiscal á poboación. Mais pouco antes da chegada do seu sucesor volverían a cambiar as tornas.

Con **Filipe IV** (1621-1665) a política imperial expansionista dos Austrias recobrou o seu pulo. A **Guerra dos Trinta Anos**, iniciada en 1618, supuxo unha nova necesidade de ingresos que se traduciu na emisión de novos xuros. Pero como xa se esgotaran os recursos públicos sobre os que situar eses xuros creáronse novas figuras impositivas para resolver o problema, como por exemplo as **lanzas** (usados para conmutar as lanzas coas que os grandes, títulos e prelados tiñan obriga de contribuir á guerra) e o **papel selado** (destinado á mellora da fiabilidade dos escritos públicos). Filipe IV foi o monarca que máis xuros emitiu.

A tendencia dos xuros cambiou no reinado de **Carlos II** (1665-1700), que supón o comezo da súa **fase de extinción**. A figura financeira pervivirá ata o final do Antigo Réxime, se ben foron frecuentes os **valimientos** que permitiron á Coroa quedar cunha parte dos réditos que debían percibir os beneficiarios dos xuros. É no século XIX cando se procede á súa liquidación definitiva.